



Concello de Oza-Cesuras

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO

“ACTIVA VI OZA-CESURAS-COIRÓS”

O obradoiro de emprego “ **ACTIVA VI OZA-CESURAS-COIRÓS** ” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade e cofinanciado polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social, e promovido polo **Concello de Oza-Cesuras e conveniado co concello de Coirós**.

A/s **especialidade/s** a impartir é/son a/s seguintes:

- **Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208) (10 alumnos/as)**
- **Actuación auxiliar en conservación e mellora de montes (AGAR0309) (10 alumnos/as)**

A distribución por concellos é a seguinte:

- **Concello de Oza-Cesuras: 15 alumnos/as**
- **Concello de Coirós: 5 alumnos/as**

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

1. Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais: Residencia maiores García Hermanos.
2. Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais: Hermanas hospitalarias PAIMENNI.
3. Conservación, mantemento e mellora de área de lecer no Castillo- Dordaño
4. Limpeza e mantemento do parque do sanatorio no Paraxón-Bragade
5. Conservación, mantemento e mellora de área de lecer de Paredes- Mandaio
6. Conservación, mantemento e mellora do parque Feira de O vinte- Porzomillos
7. Conservación, mantemento e mellora do campo da festa de Burricios-A Requeira
8. Conservación, mantemento e mellora do antigo campo da festa de Callobre-Cuiña
9. Conservación, mantemento e mellora do parque de Figueredo
10. Conservación, mantemento e mellora da parcela Casal-Figueredo
11. Mantemento de parcela en O Terreo de Abaixo (1) -Probaos
12. Mantemento de parcela en O Terreo de Abaixo (2) -Probaos

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional



Concello de Oza-Cesuras

primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 mestre/a da especialidade “actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” - AGAR0309- (xornada completa)
- 1 mestre/a da especialista de “atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” -SSCS0208- (xornada completa)
- 1 titora e mestre/a de ensino básico (media xornada)
- 1 mestre/a de orientación laboral (media xornada)

En vista da normativa e considerando o establecido tanto na Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 / código de procedemento TR353A (DOG núm. 22 do mércores, 3 de febreiro de 2021) e mais concretamente no Capítulo III (Selección e contratación), como na Circular núm. 6/2021 da Dirección Xeral de Formación e colocación do 15/06/2021 que contén as instrucións en relación cos procedementos de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos::

1. COMISIÓN DE SELECCIÓN:

A comisión de selección estará formado por catro persoas. A presidencia da comisión seleccionadora recaerá nunha das persoas nomeadas. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo da comisión seleccionadora nin auxiliar á mesma nas tarefas de selección.**

A comisión seleccionadora considerarase validamente constituída coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións da comisión de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes.

O presente proxecto terá como data prevista para o seu inicio o 15/10/2021, segundo se establece na RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O OBRADOIRO “ACTIVA VI OZA-CESURAS-COIRÓS, por parte da Xefatura Territorial de la Consejería de Empleo e Igualdad de A Coruña.



Concello de Oza-Cesuras

2. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A:

Sistema de selección: Oferta tipo T (Taller de emprego)

Localidade: Ámbito dos **Concellos de Oza-Cesuras e Coirós**. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: A Comisión de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 da Orde do 31 de decembro de 2020, (DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021), segundo baremo que se xunta.

Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel 2, as persoas candidatas deberán cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados (art. 11.1).

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados. (art. 11.2 d).

A documentación xustificativa para a baremación, segundo Anexo II destas bases, deberá presentarse de forma presencial (con cita previa) no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común. Tamén se poderá presentar por vía electrónica a través da sede electrónica municipal.

Serán excluídos do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran superado outro proxecto formativo de iguais características ou que xa estean en posesión dos certificados de profesionalidade obxecto deste obradoiro de emprego e obtidos/s por calquera outra vía.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola comisión de selección, e o mínimo será, se é posible, de 60 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 340, 320, 330, 370 e 699 a partir dos 18 anos.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego "ACTIVA VI Oza-Cesuras-Coirós", a entidade promotora tramitará a correspondente



Concello de Oza-Cesuras

oferta na **oficina de emprego de Betanzos**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión seleccionadora.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as traballadores/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada pola comisión de selección, que aplicará o **baremo** establecido no **anexo II**, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

A comisión de selección, poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado pola comisión seleccionadora.

A comisión de selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á Xefatura Territorial de Emprego e Igualdade da Coruña (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

3. PROCEDEMENTO SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego "ACTIVA VI Oza-Cesuras-Coirós", a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego **na oficina de emprego**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego.

Polo tanto, neste obradoiro de emprego o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego que se presentará na oficina de emprego de Betanzos, correspondéndolle á entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, cuxos méritos presentados serán avaliados conforme os baremos que se achegan nas páxinas seguintes.

As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego ou mellora de emprego e terán preferencias as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego (artigo 12.4).

A comisión de selección determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, cando menos 5 candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os **Concellos de Oza-Cesuras e Coirós**, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos do **ámbito**



Concello de Oza-Cesuras

territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores e de ser necesario, a toda a provincia.

A documentación xustificativa para a baremación, segundo Anexo I destas bases, deberá presentarse de forma presencial (con cita previa) no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común. Tamén se poderá presentar por vía electrónica a través da sede electrónica municipal:

- A titulación académica, que se xustificaran co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo ou certificados de empresa, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
 - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigación de cotizar.
 - ✓ Traballo no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver e serán baremados de conformidade co establecido no **anexo I**.

As persoas candidatas preseleccionadas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremación.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

O proceso de selección constará de dúas fases: unha entrevista persoal e a continuación a baremación de méritos aportados polas persoas candidatas, que deberán achegar a documentación acreditativa dos mesmos unha vez rematada dita entrevista. A puntuación da entrevista, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, será do 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo.

A comisión de selección citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección que terá por finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais que permitirán valorar a adecuación das mesmas aos postos ofertados. Estas entrevistas terán lugar nas datas, hora e no local que fixe a citada comisión.

A comisión seleccionadora levará a cabo as entrevistas e valoraráas. A entidade promotora fará públicas as puntuacións das mesmas no mesmo lugar onde foron realizadas e ademais, as puntuacións outorgadas serán expostas no taboleiro de anuncios do concello de Oza-Cesuras e na súa paxina web. Complementariamente, tamén poderán ser expostas nos taboleiros de anuncios do concello de Coirós e nas oficinas de emprego do ámbito territorial dos dous concellos.



Concello de Oza-Cesuras

Posteriormente, a comisión de selección valorará os currículos conforme aos baremos recollidos nestas bases para cada unha das prazas convocadas. Os méritos determinanse en función do tipo e característica de cada unha das prazas convocadas, considerando os criterios que fixa a Circular núm. 6/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 15 de xuño de 2021 no seu punto núm. 13. Xustificaranse mediante a achega de documentos orixinais ou copias auténticas.

A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Oza-Cesuras e na súa páxina web así como nos taboleiros de anuncios do concello de Coirós, nos taboleiros de anuncios, da xefatura territorial e nos da **oficina de emprego de Betanzos** (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos), debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son os que se establecen no punto 15 da devandita Circular núm. 6/2021, sendo por orde de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como desempregado (derradeira inscrición na oficina de emprego)
- b. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- c. A puntuación no apartado de experiencia profesional
- d. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente, se fose o caso.
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- h. O de maior idade

Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. Aquelas virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinará a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

A comisión de selección redactará a/as correspondente/s acta/s co fin de remitilas á Xefatura Territorial (Servizo de Formación e Colocación). Nelas incluírase a relación das persoas candidatas admitidas e excluídas indicando, neste último caso, a causa ou causas da súa exclusión e a proposta do persoal directivo, docente e de apoio a contratar para o proxecto.

O Concello de Oza-Cesuras remitiralle as actas coa proposta á Xefatura Territorial para que, no caso do persoal docente, verifique que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algunha das persoas propostas como persoal docente non cumprira ditos requisitos a Xefatura comunicarllo ao Concello para que poida substituíla pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva que se estableza. O proxecto non



Concello de Oza-Cesuras

poderá dar comezo en tanto a Xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne ditos requisitos

4.- INCOMPATIBILIDADE

As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada e/ou contratada.

5.- PUBLICACIÓN E/OU NOTIFICACIÓNS:

A comisión de selección acordará a publicación das bases asinadas e dos resultados no taboleiros de anuncios da oficina de Betanzos e das oficinas que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos de Oza-Cesuras e Coirós, así como na páxina web da entidade promotora. Tamén acordará a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable.

Oza-Cesuras, a 27 de setembro do 2021

O Presidente da Comisión de Selección,

José Manuel Pita Sánchez

A vogal da Comisión de Selección,

M. Carmen Vázquez Juncal

O vogal da Comisión de selección,

José Varela Lata

O Secretario da Comisión de Selección

José C. Sánchez Presedo



Concello de Oza-Cesuras

ANEXO I

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCÍONS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante os Concellos de Oza-Cesuras as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Proponer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Indicarase na oferta de emprego (titulación universitaria, niveis de licenciado, grao e equivalentes ou diplomado e equivalentes con ocupación "director técnico de centro educativo) a máis axeitada ao obradoiro (con inclusión das titulacións en grao).



Concello de Oza-Cesuras

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima esixida de 6 meses como director/a de centro educativo.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos** equivalente a un 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo, conforme ao establecido no apartado 11 da circular núm. 6/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 15 de xuño do 2021

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **8 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:



Concello de Oza-Cesuras

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
 - Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.
- A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 2 puntos.**

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

A puntuación máxima que se poderá acadar no que respecta á valoración do currículo será a de 13,00 puntos.

Puntuación final:

A puntuación final máxima que se poderá acadar será de 20,00 puntos.

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. De seren necesarios, aplicaranse os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCIÓNS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados 2 mestres, un da especialidade de "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes" (xornada completa) e outro da especialidade "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" (xornada completa)



Concello de Oza-Cesuras

- 
- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
 - Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
 - Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
 - Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
 - Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
 - Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
 - Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico e capacitación docente:

Na especialidade “actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” - AGAR0309-, os/as candidatos/as deberán cumprir os requisitos establecidos no RD 1375/2008, do 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, do 20 de maio e polo RD 625/2013, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade .



E na especialidade de “atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” -SSCS0208-, os/as candidatos/as deberán cumprir os requisitos establecidos no RD 682/2011 do 13 de maio, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade



A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

ENTREVISTA:



Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**, equivalente a un 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo, conforme ao establecido no apartado 11 da circular núm. 6/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 15 de xuño do 2021

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.



Concello de Oza-Cesuras

- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **8 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
 - Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos



Concello de Oza-Cesuras

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

A puntuación máxima que se poderá acadar no que respecta á valoración do currículo será a de 13,00 puntos.

Puntuación final :

A puntuación final máxima que se poderá acadar será a de 20,00 puntos.

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. De seren necesarios, aplicaranse os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas, tal e como se recolle nesas bases.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A DE XESTIÓN EMPRESARIAL

FUNCÍONS:

A persoa candidata seleccionada encargarse de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral. Impartirá tamén os módulos de iniciación á informática, e igualdade de xénero, así como tarefas de información, orientación e inserción laboral.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado/a a media xornada

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Indicarase na oferta de emprego (Diplomados/Graos/Licenciados con ocupacións "orientadores profesionais para a inserción" ou "técnicos medios en orientación profesional") a máis axeitada ao obradoiro (con inclusión das titulacións en grao), tendo en conta as funcións que desenvolverá segundo o apartado anterior.



Concello de Oza-Cesuras

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima se fora o caso.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**, equivalente a un 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo, conforme ao establecido no apartado 11 da Circular núm. 6/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 15 de xuño do 2021

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **8 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso



Concello de Oza-Cesuras

- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

A puntuación máxima que se poderá acadar no que respecta á valoración do currículo será a de **13,00 puntos**.

Puntuación final :

A puntuación final máxima que se poderá acadar será a de **20,00 puntos**.

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. De seren necesarios, aplicaranse os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A E MESTRE/A DE ENSINO BÁSICO

FUNCÍONS:

Realizará labores de tutoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica.



Concello de Oza-Cesuras

Será contratado/a a media xornada

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- Seguimento do alumnado e tutorías individuais ou grupais co alumnado

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Titulación universitaria (con inclusión das titulacións ao nivel de grao) relacionada coa materia e funcións a desenvolver.

Indicarase a titulación requirida na oferta de emprego (Mestre/a de educación primaria ou pedagogo/a con ocupación de "formador de formación para o emprego"), e a experiencia profesional mínima necesaria, se fora o caso (preferentemente relacionada coas materias a impartir)

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**, equivalente a un 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo, conforme ao establecido no apartado 11 da Circular núm. 6/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 15 de xuño do 2021

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.



Concello de Oza-Cesuras

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **8 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

A **puntuación máxima** que se poderá acadar no que respecta á valoración do currículo será a de **13,00 puntos**.



Concello de Oza-Cesuras

SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO

ANEXO II

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIROS DE EMPREGO “ACTIVA VI OZA-CESURAS-COIRÓS”

1.- MULLERES (Acreditarase con copia auténtica do DNI)

- Mulleres vítimas de violencia de xénero (Acreditarase mediante certificación actualizada expedida polos servizos sociais do seu concello de residencia acreditativo da dita situación) 2 puntos.
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior..... 1 punto.

2.- IDADE (Acreditarase con copia auténtica do DNI)

- ✓ 18 - 29 anos 4 puntos.
- ✓ 30 - 44 anos 1 punto.
- ✓ 45 ou máis 3 puntos

3.- DISCAPACIDADE (Acreditarase a discapacidade con copia auténtica da certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.)

Discapacidade = ou $> 33\%$ 1 punto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO (Acreditarase mediante copia auténtica da certificación expedida polo organismo competente relativa ao tempo no que o aspirante ao posto de traballo leva como demandante de emprego xunto con informe de vida laboral actualizado)

- 4. Perceptores de desemprego 1 punto.
- 5. Perceptores de subsidios..... 2 puntos.
- 6. Non perceptores 4 puntos.

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (Acreditarase mediante informe de vida laboral actualizado)

- Menos de 12 meses 1 punto.
- De 12 a 18 meses 2 puntos.
- Máis de 18 meses... 4 puntos.



Concello de Oza-Cesuras

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL (Acreditarase mediante copia auténtica da certificación expedida polo organismo competente relativa ao tempo no que o aspirante ao posto de traballo leva como demandante de emprego xunto con informe de vida laboral actualizado)

- Autónomos 1 punto.
- Grupo de cotización del 1 al 7 1 punto.
- Grupo de cotización 8 2 puntos.
- Grupo de cotización 9 2 puntos.
- Grupo de cotización 10 3 puntos.
- Sen emprego anterior 4 puntos.

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social...)

Perceptores da Renda de Inclusións Social de Galicia (RISGA) e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependentes rehabilitados acreditados; ex-reclusos; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social 1 punto.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA (Acreditado mediante diploma ou certificación oficial de estudos)

- A) Ata graduado 3 puntos.
- B) Bacharelato/BUP e FP ciclo medio 2 puntos.
- C) Títulos universitarios e de FP de ciclo superior 1 punto.

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos - *Acreditarase con copia auténtica do certificado de empadramento colectivo* - Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 punto.
- Monoparental con fillo/s 1 punto.



Concello de Oza-Cesuras

10.- REALIZACIÓN OU PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN (Acreditarase mediante informe de vida laboral)

Por non ter realizado ou participado con anterioridade noutros programas mixtos de emprego e formación (obradoiros de emprego, escolas-obradoiro ou programas mixtos de emprego e formación para a mocidade ou similares) 2 puntos.

Por ter realizado ou participado con anterioridade noutros programas mixtos de emprego e formación (obradoiros de emprego, escolas-obradoiro ou programas mixtos de emprego e formación para a mocidade ou similares) 0 puntos.

11- OUTROS (Acreditarase mediante informe expedido pola persoa encargada de dito programa)

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)..... 2 puntos.

12.- ENTREVISTA

Realizarase unha entrevista na que se valorará o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

Puntuarase ata un máximo de 10 puntos

Os/as candidatos/as a postos de alumnado relativos ao certificados de profesionalidade de nivel 2, deberán cumprir cos requisitos de acceso sinalados no artigo 4 do RD 682/2011 do 13 de maio, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade "atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" e achegar a documentación acreditativa do seu cumprimento.

A valoración de todas as circunstancias anteriormente relacionas (numeradas do 1 ao 11) deberán ser xustificadas polos candidatos/as a postos de alumnado mediante a achega de documentos orixinais ou copias auténticas que as acrediten debidamente.

As circunstancias non xustificadas deste xeito non serán tidas en conta e, en consecuencia non serán valoradas nin puntuadas pola comisión seleccionadora.